

---

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2017**

---

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 12:50 horas do luns día 13 de novembro de 2017 coa seguinte orde do día:

1. Convocatoria e calendario de eleccións da comisión académica do programa de doutoramento da Escola
2. Comisión de estudo e análise estratéxico da Escola

**ASISTEN OS SRES:**

**PROFESORES**

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Mª Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Ramírez Palacios	Luis
Romera Rodríguez	Luis Esteban

**ESTUDANTES**

Benavides Cabezas	Iván
Pazos Taboada	Damián

**PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Cruz Viqueira	Mª Pilar
---------------	----------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

**1. Convocatoria e calendario de eleccións da comisión académica do programa de doutoramento da Escola**

O Director consultou se era posible desde unha perspectiva legal a renovación completa dos membros da comisión. A resposta recibida foi que a comisión si se podería renovar completamente. Deste xeito seguiría composta por 13 membros: presidente, o director;

secretario, director de programa de doutoramento e calidade; e 11 vogais elixidos nas eleccións que se convocan.

Toma a palabra o secretario e explica o documento da convocatoria e o calendario electoral, destaca que a presentación de candidaturas sería do 20 ao 24 de novembro e as votacións o xoves 30 de novembro.

Apróbase

**2. Comisión de estudo e análise estratéxico da Escola**

O Director presenta a lista de 29 persoas interesadas en pertencer a esta comisión. Comenta que esta iniciativa tivo éxito e suscitou interese. Detalla que hai un número importante de profesores interesados. No caso de estudantes, 3 persoas mostraron interese, e no caso do Persoal de Administración e Servizos, 1 persoa.

Establécese un debate dado que se considera que é un número demasiado alto de persoas e considerase que se debería reducir.

Tómase como referencia a representatividade dos estudantes, que acostuma ser do 28%. Chégase a unha proporción e tamaño axeitado para a comisión de: 9 profesores, 3 estudantes e 1 PAS. Serían parte do grupo de profesores o Director como presidente e o secretario como secretario da comisión. Así mesmo, se decide que para que o director poida invitar, cando o considere convinte, a membros de dirección ás reunións.

Acórdase, por tanto, que a comisión estea composta por 13 membros, 9 profesores, 3 estudantes, 1 representante do sector PAS. Danse uns días para pensar nesta proposta. Acórdase tamén que se abra un proceso electoral completo para escoller os compoñentes desta comisión, unha vez o aprobe a Xunta de Escola.

A seguinte reunión da Comisión Permanente onde se trataría a proposta definitiva sería o 29 ou 30 de novembro, coa previsión de que a xunta de escola se fixera entre o 11 e o 13 de decembro.

Intervén o estudante Damián Pazos suxerindo que se debería adxuntar máis información relativa aos puntos que se traten na orde do día para facer un mellor exercicio de transparencia e de cara a permitir unha análise previa da información a tratar por parte dos asistentes á Comisión Permanente.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:45 do 13 de novembro de 2017

**Vº. Bº.**

**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Diego Carro López**  
**Secretario Académico**